



BOP

LUNS, 8 DE AGOSTO DE 2022

N.º 180

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Foz solicita de Augas de Galicia un caudal de 20.948,45 m³/ano de augas procedente do río das Fontes de Moudide, no lugar de Montes de Moudide, na parroquia San Xiao de Cordido, no Concello de Foz (Lugo); con destino a uso para abastecemento e gandeiro. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.62860.

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Concello de Foz
VOLUME MÁXIMO ANUAL: 20.948,45 m³/ano
CAUDAL INSTANTÁNEO: 0,664 l/s

Abastecemento de poboación, gandeiro

ORIXE: río das Fontes de Moudide
LUGAR: Montes de Moudide
PARROQUIA: San Xiao de Cordido
CONCELLO: Foz

Descrición:

A auga cáptase no río Fontes de Moudide, no punto con coordenadas UTM (Datum 29, ETRS-89): (X: 629 751; Y: 4 829 454), mediante unha toma dende un azud. Dende este punto a auga condúcese por unha tubaxe de polietileno de 110 mm de diámetro ata unha arqueta de almacenamento situada na marxe esquerda dunha zona próxima ao azud. Dende esta arqueta sae unha tubaxe de polietileno 110 mm de diámetro e de lonxitude aproximada duns 5.000 metros ata o depósito de almacenamento (X: 632 675; Y: 4 828 281). No propio depósito de almacenamento realízase o proceso de potabilización. Este depósito abastece directamente aos núcleos de O Eixo, O Barral, Sa, O Sisto, As Moás, A Granda, O Calvario, A Fabega; parroquia de San Xiao de Cordido, no Concello de Foz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, nº 70, 2º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 15 de xullo de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo (P.S. Resol. Dirección Augas de Galicia 18/08/2021) - O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2183

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

Tendo previsto ausentarme do termo municipal dende o día 8 ata o 12 de agosto de 2022, de acordo co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de novembro, e no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, polo

que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como no art. 63 da Lei de Administración Local de Galicia, por medio da presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Delegar, no Primeiro Tenente de Alcalde do Concello de Antas de Ulla, D. José Robustiano Taboada Frías, a totalidade das funcións da Alcaldía, entre os días 8 e 12 de agosto do ano en curso, ambos inclusive.

SEGUNDO: O presente Decreto surtirá efectos a partires do día seguinte ao desta data sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, debendo dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

O manda e asina o Sr. Alcalde. O que se fai público para xeral coñecemento e efecto.

Antas de Ulla, a 1 de agosto de 2022.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 2184

BARALLA

Anuncio

DECRETO ALCALDÍA.-

Estando prevista a celebración dun matrimonio civil no Concello de Baralla o día 12 de agosto de 2022, e visto o escrito presentado polos contraentes solicitando a delegación da Alcaldía para a celebración do matrimonio no concelleiro D. Xose Manuel Becerra Pardo.

Visto o disposto nos artigos 51 e seguintes do Código Civil, así como nos artigos 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do rexime local, apartados 3 e 4 do artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 43 e 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.-Delegar as miñas funcións para a celebración no Concello de Baralla, o día 12 de agosto de 2022, ás 13 horas, do matrimonio civil a contraer entre D. Miguel Dos Reis Rodrigues Mendes e D^a Sonia Fernández López, no concelleiro D. Xosé Manuel Becerra Pardo.

Segundo.- Notificar esta Resolución aos interesados e publicala no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao ditado do presente Decreto.

Terceiro.-Dar conta da presente ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar, aos efectos correspondentes.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

R. 2185

CASTROVERDE

Anuncio

Que pola xunta de goberno celebrada o día 27 de xullo, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2022, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 01 de agosto de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2203

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Castroverde en data 01 de agosto de 2022 adoptou Decreto que di: Delegar na concelleira dona María Luisa Freire Cordero a celebración do matrimonio civil entre dona Sandra Díaz Álvarez, titular do DNI número ***5447** e don Juan José Castedo Rey titular do DNI número ***5652**, a celebrar o día 12 de agosto

de 2022 nesta Casa Consistorial do Concello de Castroverde. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro

Castroverde, 01 de agosto de 2022.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2204

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 28/07/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a xullo 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes xuño 2022 terá lugar neste municipio dende o día 29 de xullo de 2022 ata o día 28 de setembro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 28 de xullo de 2022.- O ALCALDE, P.D, Manuel Dieguez Carballo.

R. 2186

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 21/07/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xuño do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 22 de xullo de 2022 ata o día 21 de setembro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 28 de xullo de 2022.- O ALCALDE, P.D, Manuel Dieguez Carballo.

R. 2187

FRIOL

Anuncio

“ De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 29 de xullo de 2022, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, peón forestal de apoio o tractor para tratamentos preventivos, no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Friol, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2014 - 2020: Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Friol, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fóra do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir

comunicación por fax ao concello (982375206) ou ao correo electrónico: emprego@concellodefriol.es, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación da solicitude. O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol - <https://friol.sedelectronica.gal>. Friol, 23 de xuño de 2022.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

Friol, 1 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 2188

AS NOGAIS

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do día 2 de agosto de 2022 aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de auxiliar de axuda no fogar.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes á publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas na páxina web www.concelloasnogais.es e no **taboleiro de edictos** do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

As Nogais, a 2 de agosto de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 2209

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 26 de xullo de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 3º bimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de agosto ata o 15 de agosto de 2022. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte á finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas do municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, a 27 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2189

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, anuncio:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 8 de xullo de 2022, aprobou definitivamente a declaración de necesidade de ocupación do seguinte ben:

Parcela 55 do polígono 72 do termo municipal de Outeiro de Rei, que conta con unha superficie de 2.059 m². Clasificación urbanística: solo rústico. Titular: José Luis García García, con DNI 7099xxxxx.

O presente acto pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición perante o Pleno da Corporación no prazo de un mes a contar dende a práctica da presente publicación, ou ben directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses dende a presente publicación.

Outeiro de Rei, a 12 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2190

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE OCUPACIÓN DIRECTA

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber:

Con data de 4 de maio de 2022, mediante decreto de Alcaldía iniciouse o procedemento para a ocupación directa do solo urbanizable delimitado de uso industrial (8ª fase) para a execución do proxecto senda peonil e ciclista de carretera de Castro a Bonxe.

Rematado o prazo de información pública sen que se presentara alegación algunha, mediante resolución de Alcaldía de data de 22 de xullo de 2022 acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a ocupación directa das seguintes fanxas de terreo:

Parcela	8ª FASE		MATELA II		Titular
	Superficie ocupada	Edificabilidade recoñecida	Superficie ocupada	Edificabilidade recoñecida	
4837602PH1743N	1.366 m ²	1.147 m ²			Ingapan S.L.U
4837614PH1743N	29 m ²	24 m ²			Ingapan S.L.U
5140506PH1754S	21 m ²	17 m ²			Magdalena Lombao Ferro Paulino Méndez Varela
5140507PH1754S	1.619 m ²	1.360 m ²			Josefa Castro Vázquez
5140508PH1754S	218 m ²	183 m ²			Carmen Castro Vázquez
5140510PH1754S			11 m ²	6 m ²	Forlens, SL
5140513PH1754S			920 m ²	510 m ²	Ramil Incubación Avícola SA
5140522PH1754S			79 m ²	44 m ²	José Vilanova Fernández
5140523PH1754S	221 m ²	185 m ²			Elías Lombao Lombao
5140524PH1754S	115 m ²	96 m ²			Forlens,SL
5140530PH1754S	52 m ²	43 m ²	79 m ²	44 m ²	Forlens,SL
5140535PH1754S			9 m ²	8 m ²	Forlens,SL
5140536PH1754S	127 m ²	107 m ²	327 m ²	181 m ²	Forlens,SL

SEGUNDO: Tomar posesión das porcións de terreo ocupadas.

O presente acto administrativo pon fin á vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición perante o sr. Alcalde no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente notificación, ou ben recurrilo directamente perante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da práctica da presente notificación.

Outeiro de Rei, 22 de xullo de 2022.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2191

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xullo de 2022, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao Segundo trimestre do ano 2022 da:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30.11.2022**. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 27 de xullo de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2192

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29.07.2022 a Relación de Postos de Traballo deste Concello, de conformidade co establecido no artigo 127 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por medio do presente anuncio, procédese a súa publicación:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL. ANO 2022

A Relación de Postos de Traballo existentes no Concello, organizados por áreas, coa descrición das súas funcións, dos requisitos mínimos (ampliables nas correspondentes convocatorias) que se esixen para ocupar os postos e demais características esenciais, é a seguinte:

SERVIZO DE SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO									REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO				
Código Posto	Denominación do posto de traballo	DOT	TP	RX	CD	CE	FP	SIT	ADM. PROC	GR/ SUB	ESC/ SUB	PRAZA	T
PT001	Secretario/a - Interventor/a	1	S	F	27	1347,02	C	O	AXE	AI/A2	FHN/SI	Secretario/a - Interventor/a	6 5
PT002	Responsable Xestión Atva, Persoal, Emprego e Subvencións	1	S	F	24	802,16	C	VND	Concello Ribas Sil	AI/A2	AX/AI T-X	Técnico/a/Técnico/a de Xestión	6 5
PT007	Técnico/a de Xestión e Emprego	1	NS	F	21	620,54	C	VD	Concello Ribas Sil	A2	AX/X	Técnico/a de Xestión	5
PT004	Responsable Contabilidade e Apoio Secretaria-Intervención	1	S	F	19	681,08	C	O	Concello Ribas Sil	CI/C2	AX/ADM-AUX	Administrativo/a /Auxiliar	3 2
PT009	Administrativo/a (P.I.)	1	NS	F	22	548,19	C	VD	Concello Ribas Sil	CI	AX/ADM	Administrativo/a	3

ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR, FAMILIA, INFANCIA, TERCEIRA IDADE E AXUDA FOGAR

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO									REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO				
Código Posto	Denominación do posto de traballo	DOT	TP	RX	CD	CE	FP	SIT	ADM. PROC	GR/ SUB	ESC/ SUB	PRAZA	T
PT003	Coordinador/a Servizos Sociais e Axuda no Fogar	1	S	F	24	681,08	C	VND	Concello Ribas Sil	A2	AE/T-M	Traballador/a Social	5
PT008	Traballador/a Social	1	NS	F	21	499,46	C	VD	Concello Ribas Sil	A2	AE/T-M	Traballador/a Social	5
PT013 a PT019	Auxiliar axuda no fogar	7	NS	F/L	12	257,30	C	VD	Concello Ribas Sil	C2/AP	AE/SE-PO-AXD	Auxiliar Axuda no Fogar	2/1

ÁREA FUNCIONAL DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE, EMERXENCIAS, MEDIOAMBIENTE E MEDIO RURAL

IDENTIFICACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO									REQUISITOS PARA O DESEMPEÑO				
Código Posto	Denominación do posto de traballo	DOT	TP	RX	CD	CE	FP	SIT	ADM. PROC	GR/SUB	ESC/ SUB	PRAZA	T
PT006	Arquitecto/a (XTP 50%)	1	NS	F	24	983,78	C	VD	Concello Ribas Sil	A1	AE/T-S	Arquitecto/a	6
PT005	Encargado/a Obras, Servizos, Seguridade e Emerxencias	1	S	F/L	18	560,00	C	O	Concello Ribas Sil	C2	AE/SE-PO-OFF	Oficial/a	2
PT010 PT011 PT012	Oficial/a Servizos Múltiples - Maquinista Conductor/a - Seguridade e Emerxencias	3	NS	F/L	13	287,57	C	VND	Concello Ribas Sil	C2	AE/SE-PO-OFF	Oficial/a Servizos Múlt.-Maquinista Conductor/a - Seguridade e Emerxencias	2
PT020	Operario/a Servizos Múltiples- Limpador/a (XTP50%)	1	NS	F/L	11	196,76	C	VD	Concello Ribas Sil	AP	AE/SE-PO-OP	Operario/a servizos múltiples- Limpador/a	1

Ribas de Sil, 2 de agosto de 2022.- O Alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2210

RIORTORTO

Anuncio

Polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Riotorto, con data 01 de agosto de 2022, asinouse o Decreto do seguinte tenor literal:

“Ausentándome deste termo municipal por vacacións dende o 06 ao 12 de agosto de 2022, ambos inclusive, é polo que, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, artigo 63 da Lei de Administración Local de Galicia e 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86, do 28 de novembro, veño en acordar:

1º- Delegar no Primeiro Tenente de Alcalde D. JoséLuis Lourido López a totalidade das funcións que correspondente a esta Alcaldía durante as datas citadas.

2º- Dar conta desta resolución ao Primeiro Tenente de Alcalde e publicala no B.O.P.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Riotorto, 01 de agosto de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 2193

SARRIA*Anuncio*

O día 02/08/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0793, aprobou **BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE ADMINISTRATIVO POR OPOSICIÓN**

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de **10 días naturais** a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE FUNCIONARIO INTERINO DE ADMINISTRATIVO POR OPOSICIÓN.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

1.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto das presentes bases a creación dunha bolsa para ter preparado un mecanismo que dea cobertura legal a necesidades esenciais que poidan xurdir (artigo 10 do TREBEP) con profesionais que desenvolvesen as súas funcións na categoría profesional encadrada nas características da praza:

Grupo	C
Subgrupo	C1
Escala	Administración Xeral
Subescala	Administrativa
Clase	Administrativa
Denominación	Administrativo
Sistema de selección	Oposición

2. Funcións da praza:

Os postos de traballo a cubrir corresponderan ao dos establecidos no artigo 76 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, en relación coa súa Disposición Transitoria Terceira.

Tarefas administrativas derivadas da tramitación dos expedientes que teñan encomendadas na súa unidade.

Atención ao público no relacionado co estado de tramitación de expedientes encomendados

Colaboración con outras dependencias municipais.

Calquera outras funcións que se lles encomende, propia da súa categoría.

Xestión de subvencións.

Elaboración de providencias, dilixencias ou oficios en procedementos de carácter repetitivo.

Tramitación de determinados expedientes administrativos (certificados, persoal, gastos).

3. Réxime normativo:

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

4. Procedemento de selección:

A selección efectuarase mediante oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

5. Requisitos das persoas aspirantes:

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro:

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Titulación académica: Posuír o título de Bacharelato ou equivalente. Así mesmo, observarase o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.
- d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarase ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.
- g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- h) Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta (incluída na instancia).

Os/as aspirantes que non utilizaran o modelo facilitado nestas bases, deberán aportar específica declaración responsable e declaracións xuradas referidas anteriormente.

6. Presentación de instancias:

6.1. As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo I das presentes bases, dirixiranse á Alcaldía do Concello de Sarria, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **no prazo de 10 días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP. **Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>**

6.2. Xunto coa solicitude as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

6.3. Xustificante do pagamento de dereito a exame, de acordo coa Ordenanza fiscal reguladora, que ascende á cantidade de **24,00 euros**, e que deberá ingresarse no seguinte número de conta do Concello: ES4320800143363110000018.

7. Admisión das persoas aspirantes:

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **3 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

8. Tribunal:

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición.

9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> en consonancia coas presentes bases.

1º) Exercicio tipo test:

O exercicio consistirá nunha proba tipo test de 60 preguntas referentes ao temario do Anexo II, con 3 respostas alternativas, das cales, soamente unha será correcta. A maiores, o tribunal establecerá 5 preguntas de reserva, as cales serán valoradas polo seu orde unicamente no caso de ser anulada algunha das preguntas principais.

A puntuación total da proba será de 30 puntos, debendo acadar os aspirantes un mínimo de 15 puntos para superala, quedando eliminados os aspirantes cunha puntuación inferior. Cada resposta correcta será valorada con 0,50 puntos; cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos; as preguntas en branco non serán valoradas nin restarán puntos.

Haberá, como mínimo, 1 pregunta correspondente a cada un dos temas comprendidos no temario do anexo II das presentes bases, establecéndose o resto de preguntas para os temas que elixan os membros do tribunal.

Os aspirantes disporán de **45 minutos** para a realización do exercicio.

2º) Exercicio práctico:

Consistirá na resolución, por escrito de un o varios supostos prácticos referentes ás funcións propias dun administrativo relacionadas no punto 2 das presentes bases, durante un **tempo máximo de 90 minutos**. O suposto práctico estará relacionado coas materias que figuran no temario do Anexo II desta convocatoria, podendo os aspirantes consultar textos legais.

Puntuación máxima: 30 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 15 puntos. Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación ao coñecemento da materia, podéndose solicitar a súa lectura polo Tribunal.

3º) Exercicio sobre o coñecemento da lingua galega:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de **30 minutos** e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Celga 4, ou equivalente, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

9.2. Publicación dos resultados dos exercicios:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>.

Concederase un prazo de **2 días naturais** para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contarán desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es>

10. Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación: Rematadas as dúas fases anteriores, o tribunal publicará na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **5 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> os documentos seguintes:

- Copia compulsada de:
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
